Unha bandeira baixo o río

Narrativa Entra Ledo na literatura infantil amosando o que unha lingua pode

O serrote do Gil ·
Margarita Ledo Andión ·
Galaxia, 2009 ·
32 páx · 9,30 euros

A literatura galega contemporánea precisaba dunha autora como Margarita Ledo. O máis sorprendente é que a atopou. O sentido que a súa obra lle concede á palabra *emancipación* pasa por unha aliaxe complexa entre o intelixible e o sensible, unha aliaxe que nos aprende algo difícil de esquecer: é tan preciso o ouro coma o pan. "No rumor que fan as palabras ao se silenciar unhas ás outras" (Méndez Ferrín), Ledo sempre nos amosou a amplitude do mundo: do runrún da cretona á folla de ruta, dos liques entre a pedra ao olor da pólvora. Todo iso cabe no pensamento. Algo así podía lerse entre as liñas dunha frase dedicada a súa nai, na curta *Cienfuegos 1913* (2008). Escribir, literatura ou cinema, é aprender a falar pola boca dos outros. Por boca de súa nai Ledo dicía que a emoción non era incompatible coa loita. Por boca de Manuel María, a cineasta chegara anos antes a unha das definicións máis sutís do oficio de escribir. Na fin do filme, a cámara detíñase nunha bandeira a ondear, mergullada no curso dun río. Esa bandeira asolagada era o poema.

Margarita Ledo leva moito tempo pensando a imaxe. Brillante ensaísta do cinema documental, en poucos casos se artellan con tanto sentido procuras tan distintas como as de narrar (*Mamá-Fe* [Xerais, 1983], *Historias como Barcelona* [Diario 16 de Galicia, 1992], *Trasalba ou Violeta e o militar morto* [Xerais, 1985], *Porta blindada* [Xerais, 1990]), escribir poesía (*Parolar cun eu, cun intre, con inseuto* [Xistral, 1970], *O corvo érguese cedo* [Xistral, 1973]), ou facer cinema. En *Linguas mortas. Serial radiofónico* (Sotelo Blanco, 1989), en colaboración coa fotógrafa Anna Turbau, conflúen estes e outros xeitos de dicir. Mais é o seu Discurso de entrada á Academia Galega, *Do bucle e da fenda. Para un ensaio crítico sobre a cultura galega* (2009), onde con máis certeza cobra corpo esa unicidade do pensamento dividida polo cinema, o ensaio, a reflexión política e a poesía. Naquel discurso Ledo soubo transmitir a tensión, delicada mais a miúdo dolorosa, entre o sentimento de débeda cara á herdanza dos que marcharon e a necesidade de sermos ocasionalmente inflexibles no cuestionamento dese herdo.

E así chegamos a *O serrote do Gil*. "Coma os diamantes pretos", dixera a autora no fermoso colofón de *Linguas mortas*, "este libro atrae a boa sorte". Unha escritora tan afouta coma ela non podía evitar o reto de explorar os carreiros da literatura infantil, non aptos para todos os escritores nin para todos os lectores. E faino cuestionando algúns dos fundamentos do xénero. Quen dixo que un conto para nenos non pode ser complexo? Os contos que contamos son unha tentativa de transmisión da experiencia, mais os contos que lles contamos aos cativos son, ante todo, un acontecemento da linguaxe. Todo relato depende do seu contexto de uso, e os narradores sempre aprenden de quen os escoita. Esta é a única moralidade d'*O serrote do Gil*: por veces contar un conto é facer que o ritmo da fala estoure até virar o idioma en lingua universal. Os cativos, idénticos nisto á escritora, renuncian á súa plena competencia no código en favor daquilo que a gramática non pode lexislar. Os escritores covardes rexeitan a variedade do idioma en que escriben, mais xa dixemos que Ledo non pertence a esa caste. Por iso sempre renunciou a escribir nunha soa lingua e é experta en rachar as costuras de cantas sabe. Cando menos o catalán, o portugués e o francés, con cadansúa xerga urbana, campan pola súa literatura, nun somorgullo sonoro leal tamén á fala campesiña. A autora é quen de tornar en palabras a intensa dignidade dalgunhas casas labregas. Esa consciencia, trasposta en imaxes, está en todo o seu cinema. Tamén neste *Serrote*, inzado de paxaros e de árbores que non son nin paxaros nin árbores do paraíso, mais semellan sempre vir doutro lugar. Porque a verdade na literatura non procede do que foi e xa non é, senón do que aínda non é posible. Ela, na singular intensidade da súa escrita, nomea os espazos da posibilidade, fala do que non hai, teima unha e outra volta en seguir parcelando os cinco continentes do sensible.

Nun capítulo xustamente titulado "La razón de los iguales" (*El maestro ignorante. Cinco lecciones sobre la emancipación intelectual*, Laertes, 2009), Jacques Rancière desbotaba en 1987 a codificación gramatical na procura dunha expresión digna de transpoñer en palabras a instantaneidade das ideas e dos sentimentos. Ledo sabe que a literatura de calquera nación fai da diferenza interna (diferenza lingüística, mais tamén diferenza sexual: digamos, por condensar, diferenza política) a súa bandeira. Comprende que o seu traballo nada ten que ver coa fixación do estándar e cédelle gozosamente aos gramáticos esa honra. Nesa cesión, que non é xenerosa, o pobo gaña. Por iso sen dúbida errarán os que salienten na súa obra (ou na de Otero, ou na Ferrín) a vizosidade do léxico. O que acontece aquí, nesta grandísima peza para nenos que é *O serrote do Gil*, é un acto de notable valentía: a demostración concreta do que unha lingua pode. "Ninguén sabe o que pode un corpo", dixera Spinoza, e Ledo, para a nosa fortuna, confunde lingua e corpo. Como a auga revoltada do río que a presa volve aínda máis rabuda, ninguén pode termar da lingua coa que escribe. É nese excedente creado pola potencia infinita do son e do sentido onde, da man de escritores, medra a comunidade dos iguais.

// María do Cebreiro Rábade Villar